

Resolución da Alcaldía

Núm. de resolución:

Expediente núm.: 4204/2017

Asunto: ACHEGAS A GRUPOS POLÍTICOS DA CORPORACIÓN DO EXERCICIO 2017

Procedemento: ACHEGAS A GRUPOS POLÍTICOS DA CORPORACIÓN 2017

Data de iniciación: 29 de decembro de 2017

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

VISTOS os artigos 183 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais en materia de aprobación de Gastos e recoñecemento de obrigas.

VISTO o artigo 73.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, que dispón que o Pleno da Corporación con cargo aos Orzamentos anuais da mesma poderá asignar aos grupos políticos unha dotación económica que deberá contar cun compoñente fixo, igual para todos os grupos e outro variable en función do número de membros de cada un deles.

CONSIDERANDO á súa vez, o recollido no acordo adoptado polo Pleno da Corporación con data 01/07/2015 en relación coa dotación económica aos grupos políticos municipais:

“**PRIMEIRO.** Establecer as achegas para os grupos políticos da corporación, en función do disposto no artigo 73 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, de acordo co seguinte:

Asignación anual por Grupo Político 400 euros/ano é dicir 100 euros /trimestre.

Asignación anual por Concelleiro: 300 euros/ano para cada Concelleiro , é dicir 75 euros /trimestre para cada Concelleiro.

Coa actual composición plenaria o resultado sería:

Grupo do BNG (10 Concelleiros): Fixo: 400 euros + 3.000 euros= 3.400 euros de asignación total anual.

Grupo Popular (4 Concelleiros): Fixo: 400 euros + 1.200 euros = 1.600 euros de asignación total anual.

Grupo PSdeG (2 Concelleiros): Fixo: 400 euros + 600 euros=1.000 euros de asignación total anual.

Grupo Mixto (1 Concelleiro): Fixo: 400 euros + 300 euros=700 euros de asignación total anual (...)”

VISTO o informe de intervención de data 29/12/2017

En virtude das competencias atribuídas polo artigo 21.1.f) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, **RESOLVO**

PRIMEIRO.- Aprobar o recoñecemento e liquidación das dotacións económicas aos Grupos Políticos da corporación correspondentes ao **exercicio 2017**, por un total de **6.700,00 €**, de acordo coa seguinte desagregación:

GRUPO	INTEGRANTES	I. TRIMESTRAL	PERÍODO	TOTAL
BNG	10	850,00 €	2016	3.400,00 €
PP	4	400,00 €	2016	1.600,00 €
PSOE	2	250,00 €	2016	1.000,00 €
MIXTO (C´s)	1	175,00 €	2016	700,00
TOTAL				6.700,00 €

SEGUNDO.- Imputar ditos gastos á partida 912.48000 do Orzamento Xeral da Corporación

para o exercicio 2017.

TERCEIRO.- De acordo co artigo 73.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, xa exposto, lémbrese que as dotacións aos grupos políticos **non poderán destinarse ao pagamento de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da corporación ou á adquisición de bens que podan constituír activos fixos de carácter patrimonial**, debendo os grupos seguir as regras e directrices recollidas no acordo plenario de 01/07/2015 no relativo a gastos a realizar, xestión e xustificación das achegas.

CUARTO.- Notificar o presente acordo aos grupos políticos da Corporación así como comunicalo a Intervención e Tesourería para que se realicen todos os trámites oportunos ata o seu efectivo pagamento.

Mándao e asíno o ALCALDE, FERNANDO SUAREZ BARCIA, en Ribadeo, a data de sinatura electrónica; do que, como SECRETARIO, dou fe.

SECRETARIO
JOSE ANTONIO CARRO ASOREY

ALCALDE,
FERNANDO SUÁREZ BARCIA.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE